

The background features two large, overlapping teal shapes. The top-left shape is a solid, rounded form. The bottom-right shape is a stylized wave graphic with white highlights, suggesting movement and water. The word 'Acentuación' is written in a dark blue, hand-drawn script font across the middle of the image, partially overlapping the teal shapes.

Acentuación

VERA A.S.

- 01 Regras xerais
- 02 Acentuación de hiatos
- 03 Non se acentúan
- 04 A ten en conta
- 05 Acentuación problemática
- 06 O acento diacrítico



Regras de acentuación

Levan acento cando rematan en.....

Vogal: **rubí**

vogal + n: **xasmín**

vogal + s: **café**s

vogal + ns: **irmá**ns

Agudas

Levan acento cando rematan en.....

Consoante distinta de -n ou s:

fácil, **tórax**, **cáliz**

Dúas ou tres consoantes

distintas de -ns: **bíceps**, **cómic**s

Ditongo decrecente +s: **amá**beis

Graves

Non levan acento cando rematan en...

Ditongo decrecente: **recolleu**

Ditongo decrecente + s: **adema**is

os monosílabos: **mel**, **ra**

Esdrúxula

Acentúanse sempre: **có**xegas

árbore, **prognó**stico

Acentuación de hiato con I e U

As vogais i, u tónicas cando van antes ou despois dunha vogal átona, para indicar que ambas as vogais pertencen a sílabas distintas. é dicir, que non forman ditongo: lúa, cafeína, saúde...

iu e ui non levan acento cando forman ditongo, é dicir, cando é tónico o primeiro elemento: puido, lingüista.

Levan acento cando están en hiato porque é tónico o segundo elemento: muíño, xuíz.

Primeiro elemento tónico

Ditongo

ui puido

iu partiu

Segundo elemento tónico

Hiato

uí ruído

iú miúdo



Oullo!!! Non
se acentúan



- 01 Os adverbios rematados en -mente: **timidamente**.
- 02 Os demostrativos: Dáme **este**.
- 03 Os interrogativos e exclamativos: **Canto custa?**
Só se acentúan para evitar ambigüidades (moi excepcionalmente): **Ela non dixo que quería/ Ela non dixo qué quería**.
- 04 Os pronomes **ti e el**.
- 05 O adverbio afirmativo **si**.



Palabras con acentuación problemática

Acne, alvéolo, amálgama, anódino, argon,
atmosfera, auréola, biótopo, bronquíolo,
cardíaco, cepelín, chofer, ciclope, conclave,
cuadriga, dínamo, diocese, eléctrodo, elite,
endócrino, gladíolo, heroe, isóbara, karate,
libido, medula, mísil, neon, óboe, omoplata,
olimpíada, parasito, paxaro, período, petróglifo,
popurrí, radon, réptil, termóstato, téxtil, traquea,
tríatlón, vertixe, xeróglifo.

O acento diacrítico

á (prep. *a* + art. *a*; *ala*)
ás (prep. *a* + art. *as*; *alas*)
bóla (*esfera*)
cá (comp. *ca* + art. *a*)
cás (comp. *ca* + art. *as*)
chá (*plana*)
chás (*planas*)
có (comp. *ca* + art. *o*)
cós (comp. *ca* + art. *os*; subst.)
cómpre (*é mester*)
cómpren (*son mester*)
dá (pres. e imp. de *dar*)
dás (pres. de *dar*)
dó (*compaixón*)
é (pres. de *ser*)
fóra (adv.)
má (*malá*)

a (artigo; pron.; prep.)
as (artigo; pron.)
bola (*peza de pan*)
ca (conx.)
cas (prep.)
cha (*che + a*)
chas (*che + as*)
co (prep. *con* + art. *o*)
cos (prep. *con* + art. *os*)
compre (*merque*)
compren (*merquen*)
da (prep. *de* + art. *a*)
das (prep. *de* + art. *as*)
do (prep. *de* + art. *o*)
e (conx.)
fora (plusc. de *ser* e *ir*)
ma (*me + pron. a*)

más (*malas*)
mais (adv. e pron.)
nó (subst.)
nós (pron. tónico; pl. de *nó*)
ó (prep. *a* + art. *o*)
ós (prep. *a* + art. *os*)
óso (*do corpo*)
pé (*parte do corpo*)
póla (*rama*)
pór (*poñer*)
présa (*apuro*)
sé (*sede*; imp. de *ser*)
só (adv. e adx.)
té (*infusión*)
vén (pres. de *vir*)
vés (pres. de *vir*)
vós (pron. tónico)

mas (*me + pron. as*)
mais (conx.)
no (prep. *en* + art. *o*)
nos (pron. átono; prep. *en* + art. *os*)
o (art.; pron.)
os (art.; pron.)
oso (*animal*)
pe (*letra*)
pola (*galiña*; prep. *por* + art. *a*)
por (prep.)
presa (*prendida*)
se (conx.; pron.)
so (prep.)
te (pron.; letra)
ven (pres. *ver*; imp. *vir*)
ves (pres. de *ver*)
vos (pron. átono)

1.Acentúa as seguintes palabras, se procede, e xustifica a túa decisión:

lingua, frio, tabu, climax, curriculum, pel, dificilmente, albums, reptil, periodo, separou, despois, atmosfera, muiño, acuatico.

2.Coloca acento gráfico nas palabras dos seguintes enunciados que o precisen:

- Se non das feito este pequeno traballo, date por vencido.
- Os montañeiros atoparon o oso do pe dun osos cando volvían ao campamento.
- Estas leiras son chas abondo, mais ainda así gustanme mais as terras do deserto.
- Vaia a panadaria e compre unha bola; non teña presa, pois eu agardarei aquí por vostede.
- Manolo, a ver se ves decontado! Non ves que che arrefria o te!
- Non foi a cita porque non chegou a tempo.
- Dime por que non asistiches. Xa me gustaría a min saber o porque.
- Eu cheguei a hora; os demais chegaron tarde de mais.
- Quen chegou onte?
- Quen dixo que isto se estaba volvendo anodino, que lle envío un misil?
- Esa camiseta de baloncesto éme moi grande; probaa ti.
- Se fora fora decatariase de que hai que por mais esforzo para acadar os obxectivos .

3. Acentúa os seguintes textos.

O Froilan xa coñecía o panadeiro, que viña enredar moito a taberna. Despois coñeceu a muller, que chamaba polo home berrandolle dende a porta de atrás do forno. E por fin coñecer a filla, Carmucha, que algunha vez ten vido buscar o pai. O Froilan daquela facíase moi servicial, e mais erao, axudando a moza a levar o pai de ganchete entre eles dous. A rapaza foille poñendo boa cara e fixéronse amigos, cada vez mais amigos. A cada paso e a cada día mais. Dos seus tratos coa Laura, a viuva do Vicente do Picho, case que nin lembranzas tiña. En todo o tempo dende que finou aquilo non volvera el ter trato con muller, nin o precisaba tampouco. Pero agora... agora sentia nel chegado o tempo de ir as mozas. Eralle un tempo descoñecido, endexamais vivido por el nin aínda agardando denantes...

Para nos e para vos non debía haber diferenzas; dificilmente atoparemos as respostas as nosas preguntas se non nos unimos. Que queredes saber? Pola miña parte direivos o que queirades, sempre que poida. Compre que vos sexades pacientes. Aos nosos inimigos non lles importa esperar mais do que a nos. Como volo digo! Fora destas paredes hai oídos que escoitan e linguas que comentan. Non é mala idea calar o que nos nos propoñemos facer. Compre que marchemos agora. Calemos as nosas voces fora destas paredes e sexamos mais prudentes ca nunca.

Ademais ninguén sabía onde andariades metidos, todo o día sen dardesnos un mínimo sinal de vida. Eu non sentín ruído ningún, pero os demais sentírono alá contra o muiño. Despois dixeron que foran uns animais, que andarían por aí. Así a todo, confiabamos en que tivesedes xuízo e non marchasedes máis abaixo, cara ao río, por onde fuxiu a cadela da tía Lucía.

4. Redacta unha oración para cada unha destas parellas, usando as dúas palabras.

dás/ das

máis / mais

á / a

pór / por

vés / ves

bóla / bola